

CASER

INFORMACIÓN ADICIONAL

1. RESPONSABLE

Identidade: CAJA DE SEGUROS REUNIDOS, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A. CIF: A28013050

Domicilio social: Avenida de Burgos, 109 – 28050 – MADRID

Teléfono: 915955000

2. FINALIDADES, PRAZO E LEXITIMACIÓN DO TRATAMENTO

A. Formalización e cumprimento do contrato de seguro ou precontrato, plan de pensións e prevención da fraude.

- Descrición da finalidade: Xestionar a relación de aseguramento e o cumprimento do contrato ou precontrato, así como do plan de pensións, destacando as seguintes xestións:
 - Selección, valoración e delimitación do risco.
 - Xestión de achegas, supostos excepcionais de liquidez, prestacións e investigación da fraude.
 - Realización de estudos e cálculos actuariais e estatísticos.
 - Control de calidade mediante a realización de enquisas de satisfacción.

En ningún caso se adoptarán decisións automatizadas no tratamento dos seus datos.

- Prazo de conservación: Os seus datos persoais conservaranse mentres estea vixente a relación contractual e cancelaranse de conformidade cos prazos previstos pola lexislación vixente: ata un máximo de dez anos de acordo co previsto na normativa de prevención de branqueo de capitais.
- Lexitimación: A base legal que lexitima estes tratamentos é a necesidade para a execución do contrato e para o cumprimento das obrigas legais. O tratamento dos datos persoais do Tomador, Partícipe ou Asegurado, así como dos beneficiarios, resulta imprescindible para a selección do risco, así como para o inicio e desenvolvemento da relación contractual coa Compañía.

Así mesmo, o tratamento dos datos resulta imprescindible para o cumprimento de obrigas legais da Compañía, entre as que destacan as seguintes:

- Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

- Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.
- Real decreto legislativo 8/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos a motor.
- Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da regulación dos plans e fondos de pensións.

B. Elaboración de perfís comerciais e envío de información comercial

- Descrición da finalidade: Coa finalidade de realizarlle accións comerciais e prestarlle os servizos que máis se adecúen ao seu perfil, utilizaremos os seus datos derivados da xestión das pólizas e plans de pensións que teña contratados, así como os gustos, afeccións e necesidades declaradas por vostede. Para estes efectos, informámolo de que non se tomarán decisións automatizadas con base neste perfil. Así mesmo, trataremos os seus datos coa finalidade de lle ofrecer, por calquera medio de comunicación, incluído o correo electrónico, SMS, MMS, ou equivalente, información comercial sobre os nosos produtos e servizos relacionados cos seguros e os plans de pensións.
- Prazo de conservación: Os seus datos persoais serán tratados con esta finalidade mentres vostede non se opoña a ela e ata dous anos despois de finalizar a súa relación coa Compañía.
- Lexitimación: A base legal que lexitima estes tratamentos é o interese lexítimo de Caser de comercializar entre os seus clientes, servizos e produtos de seguros e plans de pensións, así como xestionar os seus contratos da forma máis personalizada posible.

3. DESTINATARIOS

Coas finalidades indicadas no punto anterior, os seus datos persoais poderanse comunicar, de ser o caso, ás seguintes entidades:

- a) Ás compañías de reaseguro.
- b) Ás coaseguradoras.
- c) Ás entidades que tratan ficheiros comúns para a prevención da fraude.
- d) Ás Administracións públicas nos supostos previstos na lei.
- e) Aos bancos e entidades financeiras para o cobro dos recibos de primas.
- f) Ás entidades do Grupo Caser para lle dar cumprimento á normativa de supervisión ordenación e solvencia.
- g) No ámbito dos plans e fondos de pensións, á Comisión de Control e á entidade aseguradora que, de ser o caso, asegure o plan

4. DEREITOS DOS AFECTADOS

Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación do tratamento e

oposición faranse efectivos mediante carta dirixida ao domicilio social da compañía, Avda. de Burgos, 109 – 28050 - MADRID (Indique Asesoría Xurídica – Protección de Datos) ou mediante correo electrónico dirixido a derechosrgpdgrupocaser@caser.es, aos que lle acompañará copia do DNI ou pasaporte.

Así mesmo, informámolo de que poderá formular unha reclamación perante o Delegado de Protección de Datos do Grupo Caser, por correo postal dirixido ao DPO do Grupo Caser, Avda. de Burgos, 109 – 28050 MADRID, ou ben mediante correo electrónico remitido a: dpogrupocaser@caser.es.

Así mesmo, poderá formular reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos se considera que se conculcaron os seus dereitos nesta materia. Para máis información visite a páxina web www.agpd.es